crítica



Arte e parte

Arte e parte: dos patriarcas á arte suicida", é un comprometido, lúcido e brillante ensaio de Xurxo Borrazás, no prelo de Editorial Galaxia, 187 páxinas. O libro elaborado cun impecábel rigor metodolóxico onde nada se plantexa ao chou.

O ensaio en cuestión, como me explicaba o profesor Borrrazás nunha conversa recente, prendera nunha xuntanza de escritores galegos e portugueses en Vilanova de Cerveira e Goián: "Letras de Fronteira: do Val do Miño Transfronteirizo".

As propostas de Xurxo Borrazás, a reflexión, quero dicir, está maxiltralmente delimitada neste non moi longo enunciado: "Por que se escribe e que ocorre cando se fai en galego? Que conflitos condicionan a liberdade do escritor? É a literatura unha actividade lúdica? Verdade, xustiza ou progreso, son secundarias na arte, forman parte dela? Como ler os clásicos? Existen as obras mestras? Que esperan os lectores? E, pola súa banda, cales son os límites dos autores? E os da literatura?".

A todas estas preguntas vai dando resposta o ensaísta, con claridade e reveladores matices que ata o de agora e ao meu ver, permanecían, senón ocultos, si atoldados, aneboados. Borrazás plantexa a singradura ou travesía deste ensaio en trinta e catro "capítulos" excelentemente enfiados, pensamentos que van dende "O muro" ata "Mitoloxías", con paradas-reflexións, entre outras en "Os patriarcas".

José Espona

A sosegada paixón pola cor

manuel vidal villaverde

O pintor José Espona.

A sosegada paixón pola cor José Espona é un pintor recoñecido, malia que el non quera saber e diga máis ou menos é un máis. A humildade denota certa grandeza. Falo con el en Pontevedra, aproveitando a inauguración da súa exposición no Centro de Arte Jaime Trigo.

—Poderías facer un teu perfil autobiográfico?

—Nacín na Coruña no ano 1954. A partires disto todo se volve máis confuso. Postos a ver a vida de perfil, e polo tanto dun xeito limitado, lembro que a miña primeira mostra colectiva foi aos dezásete anos. Dempois entrei no grupo SISGA. Falabamos unha morea e expuñamos nas cidades de Galicia. Ao tempo, licencieme na na Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, e seguín traballando en pintura e escultura, expoñendo dentro e fóra de Galicia: Madrid, Londres, Boston... En colaboración con Tim Behrens fixen a escultura-estanque-labirinto do Parque de Torre de Hércules. Tamén traballo o vitral; unha mostra é o do museo do Moucho, de Cerceda. E agora estou aquí.

—Sobre que materias fas o teu labor?

—Un sempre busca e experimenta para atopar o soporte ideal. Eu, despois de moito probar, descubrín o Mediterráneo: óleo sobre lenzo. Tamén teño un grupo de obras sobre taboleiro enteado e sobre chapa de zinc, e incluso sobre lámina de chumbo. Na escultura fago talla e furaduras en madeira, deixándoo case sempre recoñecible a forma xeral do tronco. E no vitral: vidro.

—Reflíctese Galicia nos teus cadros?

—Reflícto unha fraga pantanosa onde vou co can todos os días, os neboeiros, o aspecto dalgún muro vello onde quedan restos de silicato azul... non sei, o meu traballo é unha leira na que non medran ben os nomes propios nin as ideas definidas.

—Hai algunha cor pola que teñas preferencia ou teima?

—Vai por tempadas, pero creo que o ocre amarelo e a terra veronesa adheridos ao pé do soporte; o vermello contrastado co negro marfín (negro marfín...! Que bonito, non si? O branco con veladuras de sombra queimada (sombra queimada...! Pero que lle pon os nomes ás cores? Últimamente o azul prusia, aínda que en xeral doulle tanta importancia á textura e ao aspecto da mancha como as cores e os acordes entre elas.

—Traballas sen descanso?

—Estou visceralmente incapacitado para ser metódico. Combino períodos de actividade acelerada con outros de preguiza ou desánimo que trato de aliviar cambiando de medio de expresión; pásome á escultura —que sendo sobre madeira paréceme algo de ximnasia—, ou ao vitral, ou mesmo a países estranxeiros, como a escritura.

—E a crítica, es recoñecido por ela?

—Síntome apreciado por algúns amigos que escriben sobre o meu traballo, pero, forra deles, a verdade é que nin recoñecido nin coñecido. Pero ben, que quere un da pintura? Nun principio pensa en dar a campanada. Dempois, co tempo e os batacazos un chega a descrer das campanadas e dos campaneiros. Pintando un pódese sentir forra diso. A pintura é unha actividade moi corporal, vinculada a certos movementos ordeados e repetitivos, a certos recendos, a propiedades da materia que son de vez físicas e emotivas, á vista convertida en tacto, a unha forma de intelixencia independente da razón. Quen vai vir de fóra do teu estudo a che contar algo deso?

Ata aquí a miña as miñas preguntas a José Espona; ata aquí as súas intelixentes e poéticas respostas. O sol da atardecida pousa sobre o río arrebatado, en Pontevedra.

tinta fresca

O voto emigrante, Anxo Lugilde

En Galaxia. Malia a ser unha das cuestión que mereceron máis atención dos medios de comunicación galegos nos últimos anos, a problemática do voto dos emigrantes non é abondo coñecida. Este áxil ensaio xornalístico analiza a súa evolución histórica e realiza unha comparación co resto de países que permiten o sufraxio desde o estranxeiro. Fai unha radiografía das múltiples modalidades de fraude que permite o procedemento de votación e estúdanse as posibles solucións. Tamén o autor denuncia a continuidade na Galicia exterior das máis vella política caciquil.

A Escola Dramática Galega, C. C. Biscaínho

En Edicións Laiovento, 624 páxinas. "A Escola Dramática Galega na configuración do sistema teatral" é un moi bo libro de Carlos Caetano Biscaínho Fernandes (A Coruña 1968). Entre os anos 1978 e 1994 tivo existencia legal a Sociedade Cooperativa de Consumo para o Encino "Escola Dramática Galega" (EDG). Durante eses desásete anos desenvolveu un intenso labor en diversos campos relacionados coa escena do país —e, por extensión, da cultura— que fan da EDG un punto de referencia na historia máis recente do teatro galego.



Oliver Twist, Charles Dickens

En Galaxia; tradución de Moisés Barcia. A obra de Dickens é unha das referencias da narrativa do século XIX. Publicada por entregas entre 1837 e 1839, narra a historia dun orfo abandonado nun hospicio e empurrado á mala vida. O retrato dos personaxes, a descrición de ambientes e o humor son elementos que o escritor combina con mestría para contar unha historia na que a opresión social e a dominación do home polo home son criticadas con imaxinación coa que o protagonista dun conto de fadas se enfronta a un ogro, coas armas da literatura.